



LAXEIRO

LODEIRO

ABREU BASGOS

XABIER POUSA

ANTONIO  
QUESADA

LEOPOLDO  
VARELA

Neste 2016 o ciclo "Mostrarte" cumple 6 anos traballando en prol da cultura da nosa cidade, e queremos celebralo cunha mostra moi especial: "Mestres da arte viguesa", unha colectiva con obras dos artistas ligados a Vigo mais representativos e influíntes do último século. A meirande parte destes artistas xa expuseran a súa obra de xeito individual neste espazo, por iso agora queremos xuntalos para disfrutar dunha mostra única e excepcional, e sobre todo pra rendir unha sentida homenaxe a aqueles que xa non se atopan entre nós, así como tamén recoñecer a labor creativa dos que seguen a crear. Que a disfruten!

PEDRO  
SOLVEIRA

SANTIAGO  
MONZES

ANTÓN PULIDO

BARRREIRO

ANTONIO  
ABAD

MINGOS  
ZEIXEIRA

O protagonismo que asume a arte e a cultura na participación social e nos procesos de transformación das cidades require desenvolver ferramentas de análise e creación transversais cara á intervención do espazo público. E require facelo dende a perspectiva da urbe, porque nela conflúen intereses diversos da comunidade local, das empresas, das institucións culturais e da sociedade en xeral.

As dependencias da Alcaldía, representan un espazo significativo para os ciudadáns e son visitadas diariamente por moitos deles, por autoridades e por medios de comunicación que as filman e fotografan no exercicio diario do seu labor informativo, o que leva a esta Alcaldía a promover mostras periódicas con obras de recoñecidos artistas da nosa Cidade.

Nestes xa seis anos que pasaron dende a primeira inauguración tivemos o pracer de ver obras de tódolos estilos e técnicas, dun gran número de artistas vincellados á nosa cidade. Uns máis recoñecidos, outros menos; maiores, xóvenes, homes, mulleres... todos os creadores da nosa cidade teñen cabida neste espazo aberto á ciudadanía. O único requisito é a creatividade e o amor á arte.

E que mellor para conmemorar este aniversario que unha mostra excepcional como "Mestres da arte viguesa", unha colectiva dos máis importantes creadores vincellados a Vigo do último século. Un auténtico luxo para os sentidos e tamén fonte de inspiración para os novos creadores, que farián ben en captar esa esencia artística, ese amor pola terra e pola arte, por esa búsqueda incansable da beleza que transpira por cada poro dos lenzos destes grandes mestres.

Abel Caballero  
Alcalde de Vigo